

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE LALÍN PARA O DESENVOLVEMENTO DO ESPAZO "ALDEA DA EDUCACIÓN".

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2026

REUNIDOS

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

D. José Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é, conforme ao Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

Así mesmo, asume as funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia.

Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Segundo.- Que as administracións das comunidades autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Terceiro.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.

Cuarto.- Que o proxecto Aldeas de Nadal, como iniciativa do Concello de Lalín, representa un parque temático enfocado na tradición galega, con sete anos de traxectoria consolidada, nos que se converteu nun proxecto de referencia do Nadal en Galicia. Trátase dun proxecto diferenciador, innovador e exclusivo, que nace e se desenvolve integramente no concello.

Un dos piares fundamentais do proxecto é situar á nena e ao neno no centro da experiencia. Aldeas de Nadal está concibido como un espazo onde as nenas e os nenos participan, interactúan, experimentan e xogan. Neste contexto, resulta especialmente coherente que a Consellería dispoña dun espazo propio dentro do proxecto, xa que a escola constitúe un dos ámbitos máis determinantes no desenvolvemento vital das/os e nenas/os.

A escola é o primeiro gran espazo de socialización fóra do núcleo familiar. É un lugar onde se adquiren coñecementos, onde se desenvolve a creatividade, a curiosidade, a autonomía, o pensamento crítico e as habilidades sociais. Por iso, a creación dunha Aldea da Educación dentro do parque temático reforza a coherencia e a dimensión formativa do proxecto.

Esta proposta configúrase así como unha mestura equilibrada entre coñecemento e xogo, converténdose nun dos piares centrais do parque temático onde a rapazada recoñecerá este espazo como propio e asociará a imaxe da escola a unha experiencia positiva, lúdica e memorable dentro de Aldeas de Nadal.

Quinto.- Que a Aldea da Educación será un espazo temático baseado na historia da educación en Galicia, recreando unha pequena aldea tradicional onde o centro da vida comunitaria era a escola.

O conxunto estará formado por unha escola central histórica coma unha recreación fiel dunha aula de principios do século XX, tres casiñas temáticas, un recinto de arquitectura tradicional galega, unha paisaxe rural coidada, un valado perimetral de madeira e unha zona de xogo integrada.

Esta recreación evocará aquela aldea pequena e modesta onde a escola representaba unha oportunidade de progreso para as/os nenas/os, moitas/os delas/es procedentes de contornas vinculadas ao traballo do campo, onde desde moi novas/os colaboraban nas tarefas familiares.

O proxecto contará ademais con tres casiñas temáticas que estarán dedicadas a distintas áreas de coñecemento: a casiña das linguas como espazo dedicado ao abecedario e á literatura galego para fomentar a lectura, a expresión escrita e o descubrimento da riqueza lingüística propia; a casiña dos números que será o espazo centrado nos números e nas matemáticas, promovendo o razoamento lóxico, o cálculo e o pensamento estruturado e a casiña dos mundos, dedicada á xeografía e historia, o descubrimento de mapas, culturas e acontecementos relevantes.

Sexto.- Que as partes consideran de interese público a participación e apoio nas accións obxecto deste convenio, resaltando o papel da escola na sociedade.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lalín para o desenvolvemento do espazo Aldea da Educación no proxecto de Aldeas de Nadal.

A Aldea da Educación será un espazo temático baseado na historia da educación en Galicia, recreando unha pequena aldea tradicional onde o centro da vida comunitaria era a escola. O conxunto estará formado por unha escola central histórica coma un espazo que contará con grandes xanelas que permitirán visualizar o interior desde o exterior, convertendo a aula na imaxe icónica da Aldea da Educación.

Dentro desta aula, as nenas e os nenos vivirán a experiencia de ser alumnas/os nos tempos dos seus avós. Ao mesmo tempo, as persoas maiores revivirán recordos da súa infancia escolar, xerando unha conexión interxeracional que reforza a experiencia familiar.

No interior recrearanse con rigor histórico os pupitres antigos, a pizarra tradicional, un esqueleto didáctico, ábacos, mapas e láminas pedagóxicas e unha librería e materiais escolares da época.

A escola será un espazo vivo e contará cunha actriz que interpretará a unha mestra quen impartirá clases teatralizadas. Durante a actividade e a través de relatos e anécdotas explicarase as normas da escola antiga a evolución do sistema educativo ao longo do século XX permitindo comprender os avances e as comodidades actuais, practicarase escritura con pluma e tinta, compararanse as ferramentas educativas antigas e as actuais e a evolución dos cadernos e instrumentos de escritura.

A aula estará deseñada para ser transportable e reutilizable. A construción da aula contará cunha estrutura principal metálica de tubo de ferro de 6x6 cm, preparada para soportar peso e facilitar o transporte mediante camión grúa.

A estrutura exterior revestirase en madeira tratada para exterior, con illamento térmico interior. As paredes interiores remataranse con paneis de pladur preparados para ambientación escenográfica. A cuberta contará con contrachapado fenólico e paneis de policarbonato imitación tégola tradicional, ademais de claraboias con dobre acristalamento. O chán será de madeira maciza de castiñeiro, reforzado e vernizado para garantir durabilidade e autenticidade estética.

As casiñas manterán coherencia construtiva, con materiais resistentes, instalación eléctrica homologada, iluminación interior e exterior e acabado en madeira pintada en branco evocando a arquitectura tradicional galega.

O recinto pecharase cun valado de madeira, contará con vexetación autóctona e incorporará un espazo de xogo rústico con columpio dobre e balancín.

Segunda .- Orzamento e financiamento

O **orzamento estimado** de gastos relativos ás actuacións descritas na cláusula anterior ascende a 71.740,90 € de execución material, conforme á memoria elaborada polo Concello de Lalín.

Concepto	Importe (€)
Deseño de proxecto, renderizado, despeze e dirección de obra	6.320,00
Estrutura metálica sen adaptación para o transporte con camión pluma	5.230,00
Recubrimento de paredes interior e exterior, aillamento e instalación eléctrica, farois e iluminación LED integrada	17.530,00
Porta e xanelas	4.500,00
Teito interior, instalación eléctrica, apliques e lámpadas, cuberta de tellado, aillamento e claraboias	18.800,00
Recollida de elementos museo, instalación e construción de elementos necesarios para o interior	2.970,00
Piso interior de madeira de pino	840,00
Transporte e instalación	3.100,00
BASE IMPOÑIBLE	59.290,00
IVE 21%	12.450,90
TOTAL (IVE ENGADIDO)	71.740,90

O orzamento anterior será financiado polas partes como segue:

A **Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, achegará a contía de **59.000,00 € (IVE incluído)** con cargo á aplicación orzamentaria 07.01.423A.760.0, proxecto 2015 00432 do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Pola súa parte, o **Concello de Lalín**, achegará a contía restante que se derive da contratación e execución das actuacións subvencionadas.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión das actuacións recollida na cláusula primeira e no orzamento da cláusula segunda, e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Obrigas do Concello

O Concello obrígase a realizar a achega establecida na cláusula segunda e como entidade executora, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Redactar as memorias ou Proxectos técnicos necesarios para a execución das actuación, aprobar e supervisar as memorias ou Proxectos e levantar as actas de replanteo asinada polo alcalde e polo facultativo redactor do proxecto.
- Tramitar os permisos e autorizacións necesarias para a execución das actuacións.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.
- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
- Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, ou declaración responsable ao abeiro do disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- Subministrar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia nos casos que lle resulte aplicable como entidade executora das actuacións subvencionadas.
- Comunicar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Acreditar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Compromiso do concello de asumir as indemnizacións a que puideran ter dereito os contratistas das obras no caso de que estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por ausencia ou insuficiencia das autorizacións pertinentes para a súa execución ou incumprimento da achega financeira municipal comprometida.
- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional queda eximida de calquera responsabilidade civil, contractual ou extracontractual polos danos, lesións ou falecementos que se poidan producir no desenvolvemento do Proxecto Aldeas de Nadal e na Aldea da Educación.
- As demais obrigas previstas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lalín e as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria por actos o feitos acaecidos en desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir ao Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.

c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación e pagamento

1. O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría do concello, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.

Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como una declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada polo Concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo o Concello contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a

comprobación material da inversión polo órgano concedinte, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

5. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Concello será o **10 de decembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A cantidade máxima que se obrigan a achegar as partes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, tal como se recollen na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo serán compensables entre si as partidas previstas na cláusula segunda sempre que as actuacións realizadas garden relación co obxecto establecido na cláusula primeira.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: “1. *Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.*

2. *Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con*

anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.

Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados dos importes que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de cada anualidade de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, o Concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerada da constitución de garantía.

Décima.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo primeira.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por unha persoa representante de cada parte.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

Décima terceira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Xunta, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Concello deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Educación,

Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa.

Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se teñan por gastos subvencionables todos aqueles realizados a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo novena.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data e lugar indicados no encabezado.

O conselleiro

O alcalde

P.D. Orde 05/06/2024 (DOG núm.114 do 13/06/2024) José Crespo Iglesias

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López